

O BNG denuncia a concentración e centralización bancaria en Galicia



Páxina 4

A Xunta impulsa o Plan Hurbe en nove concellos lucenses



Páxina 4

Entrevista a Valentim Fagim de Através Editora



Páxina 11

Susana Seivane reivindica o legado das precursoras da gaita



Páxina 13

A Coruña peonaliza definitivamente Monte das Moas



Páxina 14



Especial Letras Galegas 2021 Xela Arias

Foto de Xulio Gil

Páxinas 5 a 12



Inés Rey, alcaldesa da Coruña, á Xunta: “O Porto é dos coruñeses”

Páxina 14





GADIS

#EnConfianza



Falemos do noso mundo

C o gallo dun acto de recoñecemento, por parte do Concello de Ponteareas, daquelas persoas, empresas ou entidades que se teñan distinguido no uso e defensa da lingua galega nas súas respectivas actividades, hoxe imos dedicar as nosas reflexións aos medios de comunicación. Para elo botaremos man de ilustres autores que teñen tratado este suxectivo mundo da información e que nestes momentos sofre importantes doenzas de difícil curación.

Durante moito tempo instalouse no imaxinario popular que os medios de comunicación, a prensa, conformaban o chamado 4º Poder. Todos sabemos que foi Montesquieu quen nos ofreceu a división de Poderes para que unha sociedade puidera desenvolverse respectándose uns e outros nas nosas respectivas áreas de traballo. O Poder Lexislativo, formado polo Parlamento e Senado de cada país, encargado de xerar disposicións lexislativas que unha vez publicadas nos respectivos Boletíns Oficiais serían normas de obrigado cumprimento. Logo temos o Goberno de cada Estado ou Nación encargado de aplicar esas leis anteriores. Finalmente o 3º Poder sería o Xudicial que ten como misión xulgar e absolver ou condenar aos que, presuntamente teñan delinquido. Quedaría o 4º Poder: a prensa.

Chegados a este punto faise preciso que nos situemos no momento presente que vivimos: o mundo de internet, de Google, de todas e cada unha das plataformas dixitais existentes polas que flúe sen posibilidade de contelas, todas as novidades e creacións que “en el mundo han sido”.

Nos tempos de Napoleón, a comezos do século XIX, a consecuencia da guerra disparouse o emprego así como os prezos dos produtos cotiáns. Os traballadores sufrían unha crise económica e os donos da potente industria téxtil buscaban reducir custos mediante a introdución de máquinas que significaba prescindir dos traballadores.

Xa daquela o anarcosindicalista francés

Émile Pouget (1860-1931) declaraba que “o traballador só respectará á máquina o día en que esta se converta na súa amiga, reducindo o seu traballo, pero non na actualidade, que é súa inimiga, quita postos de traballo e mata traballadores”.

Nestes momentos nace a figura do “ludita” que non eran tecnófobos temerosos do mundo moderno senón obreiristas que loitaban polos seus dereitos nunha época en que o sindicalismo estaba perseguido.



Pero que ten que ver isto cos medios de comunicación, preguntaranse vostedes, queridos lectores? Pois moito ou nada, segundo o queiramos ver.

Os luditas pelexaban contra as máquinas e os xornalistas pelexan porque un algoritmo non lles suplante.

Pero volvamos ao 4º Poder: a prensa, os medios de comunicación hoxe discutidos, enfrontados ao mundo dixital, aínda que dalgún xeito son dependentes deste novo mundo que se move nas redes, nas nubes, no espazo incontrolable.

Ata agora os medios informábanos do que ocorría no noso entorno máis próximo ou máis afastado. Facilitábanos as noticias boas e menos boas. Eran os xornalistas coas súas potencialidades de intelixencia, formación e técnica primitiva os que an-

daban polo mundo, permítanme a expresión vulgar, e nos contaban nos xornais que ordinariamente liamos, que estaba pasando no mundo.

Hoxe iso cambiou totalmente. Hoxe a prensa xa non pode presumir de ser o 4º Poder porque en grande parte basea as súas informacións en datos que aparecen “na nube” subidos aí por non se sabe moi ben quen.

Ignacio Ramonet, ex-director de “Le Monde Diplomatique”, e natural de Rondela, dinos que 20 planeta MEDIOS vive unha conmoción dunha intensidade nunca antes coñecida. A dixitalización do mundo está transformando a grande velocidade o “biotopo informacional”. O seu modelo económico desíntegrouse.

O máis probable é que a prensa escrita non desapareza pero a información xa non circula como antes en unidades precisas, controladas, corrixis e calibradas. Agora é coma un fluído que circula en segmentos abertos pola rede case á velocidade da luz.

A pregunta é...que é unha noticia? Hoxe os medios de información acurralados contestan unicamente en termos de audiencia. Unha boa noticia é a que pode interesar ao maior número de persoas, non a que poida ser máis útil para a poboación, ou máis esclarecedora en materia económica, en ecoloxía, en política...

Os medios dedicáronse moito tempo a tentar domesticar a sociedade e agora non saben ben que facer, para que serven.

Nesta sociedade de redes non é fácil dar unha resposta sinxela en que consiste a “especificidade” dos medios de comunicación.

A xustificación habitual é que o xornalista profesional tómasse un tempo necesario para contrastar a información, corrixis e confirmala. Pero isto xa non é así.

En primeiro lugar porque nun sistema de información sometido á ditadura da urxencia poucos xornalistas dispoñen do tempo necesario para facer ben o seu traballo. “quérese informar rápido en vez de informar ben, e a verdade non sae gañan-

do”, afirmaba Albert Camus en 1944.

Hobbes dicía que o Poder nacia dun contrato social igualitario que a humanidade formalizaba renunciando ao seu poder orixinal en favor dun Estado que lle garantía os seus dereitos naturais á vida, á liberdade e á igualdade. Era o “iusnaturalismo”, (dereito natural).

Pero hoxe temos o presentimento de que no século XXI é inevitable a aparición dun CIBERLEVIATÁN. O actual statu quo volatilízase por todas partes. O máis probable é que o Ciberleviatán se instale por aclamación.

Pero como podemos definir este fenómeno tecnolóxico e social? Pois poderíamos dicir que se trata dunha nova e incuestionable expresión de Poder, un fenómeno potencialmente totalitario que podería supoñer o colapso da civilización democrática e liberal fronte á revolución dixital.

Pero volvendo aos medios diremos que actualmente as redaccións teñen menos autonomía para o análise. En materia de política internacional dependen de versións, de lecturas propostas polas autoridades oficiais ou por intereses privados.

Os cidadáns desconfían da prensa pertencente a un puñado de oligarcas que tamén controlan o poder político e económico. O sentido común dinos que cando un home ou unha muller de negocios merca un xornal, faino sempre ou para defender un sistema político que lle interesa ou para converterse el mesmo nun político temido.

Outro día con máis calma, dareilles datos sobre a concentración dos medios de comunicación nunha ducia de mans a nivel mundial. So os que lle din a vostede e aos restantes lectores de medios (en papel, radiofónicos ou televisivos) que está ben e que está mal. Que debe mercar e a quen ten que votar. Nunha palabra, son os que nos queren converter en robots humanos. Créanme se lles digo que están a punto de conseguilo. Pero iso verémolo na próxima entrega.

Saúde, sorte, librense do “bicho” que caladiñamente pode matarnos.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Galicia

O BNG denuncia a concentración e centralización bancaria en Galicia

Bernardo Varela, voceiro do grupo provincial do BNG, valora positivamente o apoio dos grupos provinciais á súa moción, no que se pon de manifesto a concentración e centralización bancaria en Galicia, que ven xerando o peche de oficinas bancarias, a redución dos servizos financeiros e a destrución de postos de traballo.

O grupo provincial do BNG acada o apoio para demandar que o goberno Estado desenvolva as mudanzas oportunas para regular o sector financeiro e por freo á concentración bancaria e o incumprimento das normas de competencia e agravamento da exclusión financeira. Logra tamén que a Deputación demande da Xunta de Galicia desenvolver as súas competencias en materia de consumo para im-

pulsar campañas colectivas de reclamacións bancarias e información ás persoas consumidoras sobre a vulneración dos seus dereitos. Con esta moción e este apoio o ente provincial comprométese a interceder ante a dirección do Santander, Caixa Bank e BBVA para que atendan ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e para o mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego

“Non é aceptable que os sector que recibiu os case 50.000 millóns de euros para o rescate bancario, agora no lo estén devolvendo en forma de ERTES, despidos, e peches de sucursais, redución de horas de atención ao público e aumento de cotas bancarias” declarou Varela.

Correos

O BNG apoia a demanda na Deputación de mellorar o servizo de correos, demandando o mantemento e aumento de postos de traballo fixos e mesmo que se incrementen, así como políticas eficaces de xestión. Porén o BNG lembroulle ao grupo provincial do PP que os recortes que se están producindo, teñen que ver coa privatización deste servizo, que ven acontecendo desde que o señor Feijoo estivo ao fronte de Correos fai 20 anos.

Neste sentido o BNG logrou concitar o apoio dos grupos para demandar ao goberno do Estado español derogar o artigo 37, referido a contornos especiais do real decreto Real Decreto 503/2007, 20 de abril. A implementación do artigo 37, referido a contornos



Bernardo Varela.

especiais do real decreto Real Decreto 503/2007, 20 de abril. Suporía a agrupación nun único punto de entrega (cada un no seu buzón) das cartas remitidas a cada núcleo de poboación.

Memoria Histórica

Ante a polémica xurdida no debate da moción sobre Memoria Histórica o BNG deixou claro que non cabe ningún tipo de equidistancia ante a dictadura. Dun lado atopase a lexitimidade democrática e do outro un golpe

militar fascista que impuxo un rexime dictatorial durante 40 anos. “Sen esquecer que na Galiza non hobo fronte de guerra, só represión durante máis de 40 anos exercida unilateralmente a cidadáns que en moitos casos aínda siguen en cunetas”.

Por iso o BNG apoiou a demanda de retirada de toda simboloxía fascista alí onde se atope, así como o resto de proposicións manifestadas en favor da Memoria Histórica.

A Xunta impulsa o Plan Hurbe en nove concellos lucenses

AXunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, publicou a resolución de nove actuacións para crear ou mellorar infraestruturas municipais noutros tantos concellos da provincia de Lugo, cun orzamento de preto de 520.000 euros. Estes novos plans, que apostan pola mellora da urbanización, equipamentos e recuperación de espazos públicos, levaranse a cabo nos concellos de Antas de Ulla, Barreiros, Begonte, Cospeito, Guitiriz, Pol, Trabada, O Vicedo e Vilalba.

As obras de maior contía do coñecido como Plan Hurbe corresponden ás intervencións que se farán nos concellos de Cospeito,

Trabada e Vilalba, todos eles cun presuposto de 67.760 euros. En Feira do Monte actuarase na Travesía de Curros Enríquez e na Praza Maior; no municipio da Mariña, na mellora da rúa Cotarelo; mentres, na capitalidade da Terra Chá actuarase na humanización da Travesía dos Castros, desde o seu cruce coa rúa Calvario ata o cruce coa avenida da Terra Chá no núcleo urbano de Vilalba.

No concello de Guitiriz, o Plan Hurbe contempla a mellora da rede de saneamento entre a rúa Lagoas e rúa Xermolos, cun orzamento de máis de 66.000 euros, mentres que no municipio de Barreiros, cun orzamento de algo máis de 64.000 euros actuarase na humanización do centro de

San Cosme.

No concello de Antas de Ulla os traballos do Plan Hurbe consistirán na recuperación, humanización e mellora urbana da rúa General Portomeñe, unha obra á que se dedicarán máis de 61.000 euros.

Tamén haberá actuacións referidas á mellora da seguridade vial nos entornos urbanos. Esta é precisamente a obra prevista no concello de Pol, e de xeito máis concreto no núcleo de Mosteiro, que terá un orzamento de preto de 46.000 euros.

En Begonte actuarase na instalación para subministro eléctrico ao depósito de auga potable cunha inversión de algo máis de 45.000 euros, mentres que no



Plan Hurbe en Cospeito.

municipio do Vicedo, cun orzamento de case 34.000 euros, o proxecto inclúe a humanización e accesibilidade da zona dotacional do pobo.

Tal e como se recollía na orde da convocatoria, as axudas concedidas equivalen ao 70% do custo total da actuación subvencionable e a contía máxima a percibir por cada concello é de 67.760 euros (IVE engadido).

Javier Arias sinalou que todas estas obras “supoñen unha mellora estética e amplían os servizos para os veciños e veciñas de cada un destes nove concellos”, na liña dos obxectivos do Plan Hurbe. Neste sentido, lembrou que este programa pretende dar resposta á necesidade de humanización das vilas e incrementar o atractivo dos núcleos rurais como factor determinante do equilibrio territorial.

Suplemento

Letras Galegas 2021

dedicado a

Xela Arias

Xela Arias, un achegamento

Por Moncho Mariño



Xosé Manuel Fdez

O 17 de maio deste ano o Día das Letras Galegas sumará a quinta muller homenaxeada, Xela Arias, nun terreo onde a presenza masculina foi practicamente un continuo. Á parte disto, a autora aporta unha das visións máis contemporáneas da literatura galega, sendo parte da xeración de poetas e escritores que lle deron pulo ao galego literario a partir dos anos 80.

O nacemento de Xela Arias foi rexistrado en Sarria (Lugo) de onde eran as familias paterna e materna. Dalgunha maneira debeu

sentir a chamada das letras e da creación desde moi pequena, quizais debido á profesión do seu pai como mestre e tamén á súa actividade como tradutor e ensaísta. Isto e a amizade que unía á súa familia con outros autores contemporáneos como Manuel María e outros, foron creando un pouso de inquietude que a empurrou a crear os seus primeiros contos e relatos con once anos.

Os compromisos profesionais do pai fixeron que a familia fose vivir a Vigo onde Xela desenvolveu boa parte da súa vida persoal, creativa e profesional. Foi na cidade olívica onde deixou de seguir

o camiño que se esperaba dunha adolescente que acabara o bacharelato, pois abandonou os estudos de secundaria no COU, o curso preparatorio para os exames de selectividade e a entrada na universidade.

Comezou así un periplo profesional ligado a Edicións Xerais onde traballou en varias seccións, comezando en administración e acabando como tradutora e correctora de estilo. O contacto con autores e autoras doutras linguas, ademais do galego, fixo que a súa obra recollese influencias de diversas fontes.

Xela Arias tivo un posiciona-

mento contrario ante a figura da muller dentro da literatura, mesmo na máis contemporánea. Nun momento en que as ideas sobre o papel da muller na sociedade a ligaban ao traballo doméstico e á crianza dos fillos, Arias quixo romper con esas preconcepcións e que se consideraban “naturais” por parte dunha sociedade patriarcal.

A obra de Arias foi unha mostra de como se pode escoller un camiño diferente ao previsto-establecido. Así, consideraba que o papel feminino da muller continuaba pechado en clichés a finais do século XX e tamén comezos do XXI. Romper con eses “patróns” prefixados foi unha das constantes que moveron a Arias de cara á creación que buscaba demostrar a posibilidade dunha outra maneira de poder “ser” sen pasar polo filtro das preconcepcións.

Arias participou en diversos movementos sociais como os contrarios á entrada de España na OTAN no 1982 e a súa presenza na organización de eventos a favor dos afectados polo afundimento do “Prestige” en 2002 e

no Contra a Burla Negra xunto a Pepe Álvarez Cáccamo en 2003.

Con anterioridade comezara estudos de filoloxía hispánica na Universidade de Vigo e acabou licenciándose na Universidade de Santiago de Compostela onde iniciou a especialidade en galego-portugués. Despois disto, realizou labores docentes en varios centros de ensino secundario como profesora substituta.

A súa produción foi intensa publicando en diversos medios tanto en diarios como en revistas ademais de escribir letras de cancións para algúns grupos. Non obstante, a súa produción en canto libros baixo o seu nome foron catro Denuncia do Equilibrio, Tigres coma Cabalos, Darío a Diario e Intempériome. Isto en canto poesía, en narrativa ten Non te amola! Que foi publicado en 2021. Xunto a estes traballos propios traduciulle diversos autores que ían de Bram Stoker a James Joyce, pasando por escritores en portugués e italiano. Xela Arias faleceu en 2003 dun ataque ao corazón, con só corenta e un anos.

Letras Galegas

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Queda pouco tempo

Non, non só é a miña queixa por esta festa anual consoladora da Lingua, non. Non, non é só que a Lingua Galega se nos escape dos eidos urbanos de Galiza, non. Non é iso, o asunto é máis cruel, desaparece tamén nos eidos rurais onde se protexeu durante séculos. Pódese constatar escoitando falar ás crianzas no bulir dos recreos, nos patios dos colexios. Chegaron mestres de todo tipo, algúns coa premisa do idioma ben presente, mais case todos sen conciencia resistente, sen o sustento pedagóxico necesario para acudir a ampliar a visión de horizontes e porvir, con suxeitos maleables que se moven a partir da suxestión, da ledicia, do xogo, da confianza, da cordialidade idiomática, da cordialidade social, da aventura científica, do agradecemento que supón aprender. Fixeron propio o impropio, desprezo e menoscabo sen ter en conta abusos, divagaron códigos alleos recreándose na indistinción, arredando da Nosa Lingua Nai. Sentíronse co apoio dunha lei -inxusta e desequilibrada, que inclúe gobernantes, direccións, inspeccións e medios de comunicación alleantes. A Lingua non é só estruturas, análises, gramática, vocabulario, é entendemento para sentir e ver, para explicarnos e afirmarnos no mundo. O galego,

mal que ben, segue a ser unha realidade, un ben moi escaso, excepcional e case litérxico, anque sexa a nosa realidade histórica que nos dá identidade. Desde a meseta nunca nos deixaron abeirar a Portugal. En caso de dúbida, xenuflexión! As institucións



que se crearon para protexela non funcionan e cederon ás subvencións calando confiadas, compracidas de calquera maneira. As linguas recoñecidas como propias están aseguradas á "oficial" nun estado que segue a respirar ventos de submisión, sen apertura de carácter integrador que recoñeza a realidade nosa, en galego. Os me-

dios de comunicación son, polo xeral, desintegradores e non a distinguen, nin na nosa propia Casa. Ninguén contemplaba un acordo de identidades con Portugal? Ninguén acordou dos irmáns? Veñen urxentes improvisacións sen sumar vontades, sen confluír para ir no mesmo carro cara ao mesmo sitio. Non miraban ao noso redor, como pode ser? E o portugués? Hai que pri-

malo despois de séculos de desprezo e de asegundalo. Hai que beneficiar a nós, diante de tanto opresor pois non son unha mercadoría, nin unha cifra, nin cotizan na bolsa de Madrid. A Lingua Nosa cotiza con dividendos de honra e o orgullo de pertenza, na ledicia da orixe compartida, na dignidade de pobo, na sementeira de herdeiros nesta sorte que é Galiza e Portugal, só é cuestión de acordo e proximidade, de concordia. A Lingua non depende precisamente desas persoas que apropián o dereito de manipulación, que son os que a desterran en casa propia, senón da xente do común que sen complexos, vergoñas, imposicións inventadas e cousas desas, segue a arar futuro. Vimos dun xenocidio, de vulgares asasinados, vimos da pestilencia

das cloacas máis porcas que enfrontaron irmáns en guerra fratricida. Quérennos gobernar aínda con eses cheiros que desprezan a razón. Pois non, porque a nosa historia tamén se pode escribir a partir do moito que nos foron quitando, que nos aínda quitan. A irmandade lingüística con Portugal. Somos un mar de ausencias, de dereitos fanados. Aínda non sabemos como deu para tanto o tanto que nos levaron! Estamos feitos de silencios solapados, de baleiros, de ecos lonxícuos que nos chaman. E a Nosa Lingua, tan desprezada que agarda ese acordo de confluencias que mire a Portugal, nun pacto desexado que concilie identidades coa Galiza de alén do Miño. Deberemos facer memoria, volver á identidade lingüística da conciliación. É urxente e necesario. Somos resultado desa compracencia. Afectados sobre todo de políticas sen esperanza que están a rebentar a materia prima do noso futuro, a propia Lingua. Este ano convén avanzar na integración da man de Xela Arias que nos leva nos seus soños, a filla de Amparo e Valentín, quen fora discípulo de Avelino Pousa nas iniciativas educativas pioneiras do contacto coa terra mesma, co que nos é natural. Respiramos falando galego, senón mesmo afogamos.



"As malas mulleres", gañadora do XXXIX Premio Blanco Amor de novela longa

Presentouse en Ourense a obra gañadora do XXXIX Premio Blanco Amor de novela longa, "As malas mulleres", nun acto no que xunto ao presidente da Deputación, Manuel Baltar, tamén participou a autora do libro, Marilar Aleixandre, e o presidente de editorial Galaxia, Antón Vidal. Baltar, que desexou "unha longa vida literaria á novela" felicitando á narradora e á editorial polo seu traballo, destacou que esta obra "responde a todas as esixencias de calidade que podemos esperar cando falamos da súa autora". Un premio, apuntou, "que prestixia a Marilar, pero onde Marilar tamén prestixia ao premio".

O presidente provincial afirmou que "sen cultura non hai pobo, nin persoas, e de pouco importan as administracións, polo que seguiremos apostando por estes recoñecementos que teñen un dos

seus sinais de identidade neste premio de novela longa". Baltar aproveitou a presentación da novela para anunciar a próxima publicación das bases que rexerán a convocatoria número 40 do certame, "unha destacada ocasión para seguir a traballar por un premio, decano en Galicia, cuxa organización e patrocinio asumimos en 2015 e que supón unha homenaxe permanente a Blanco Amor".

Marilar Aleixandre puxo en valor o traballo da Deputación garantindo desde hai anos a continuidade do certame, ao tempo que destacou a acollida que a súa obra tivo na editorial Galaxia e o deseño da cuberta, obra do ilustrador Hayat Husein. Non obstante, a narradora fixo un recoñecemento especial para o público, xa que desde a chegada ás librarías da súa obra, o pasado 8 de marzo, a novela xa vai pola segunda edición.

Arenal e Juana de Vega

Aleixandre sinalou que o libro ten "unha parte de rescate da memoria colectiva", xa que fala de historias de cárceres -como a de Galera na Coruña- "que se guindan ao pozo da desmemoria", e onde os libros se converten nunha táboa de salvación para as presas, ás que personaxes como Concepción Arenal e Juana de Vega, visitadoras de prisións, tentan mudar a súa vida ensinándolas a ler.

O presidente de editorial Galaxia, Antón Vidal, agradeceu á Deputación e ao seu presidente a súa posta por este premio, engadindo que "quizais sexa unha das institucións que maior esforzo e presenza ten na cultura galega".

A novela, dixo, "fai xustiza a moitas mulleres", cualificando o libro como "un auténtico paseo polo século XIX e polo entorno das mulleres daquel tempo", feli-



Presentación en Ourense de "As malas mulleres".

citando á autora non só "por trasladarnos e mostrarnos esa época, senón tamén pola riqueza léxica, cunha linguaxe viva na que recupera termos do galego".

As malas mulleres retrata o tramo final do século XIX, a través dunha historia conducida polas personaxes centrais do relato, Concepción Arenal e Juana de Vega, e na que segundo reflicte a acta do xurado "recoñece e destaca, literariamente, o traballo das chamadas visitadoras de cárceres e as súas ideas progresistas e pioneiras". Un traballo no que

a autora "incorpora con habelencia elementos poéticos que reforzan unha trama ben estruturada e compensada que enriquece o relato".

Marilar Aleixandre, bióloga e catedrática "ad honorem" da Universidade de Santiago de Compostela, ten unha recoñecida traxectoria na escrita galega. Autora do primeiro libro de ciencias en galego, Aleixandre ten unha ampla carreira como narradora, poeta e ensaísta, sendo ademais académica de número e membro da directiva da Real Academia Galega.

O 'Boletín da Real Academia Galega' recompila dezasete achegas do Ano Carballo Calero

O Boletín da Real Academia Galega nº381 xa está dispoñible en versión dixital na sección de publicacións de academia.gal. O último volume recolle as achegas arredor da vida e da obra de Ricardo Carballo Calero presentadas no simposio e mais no pleno extraordinario da institución con motivo do Día das Letras Galegas 2020, entre outras contribucións sobre o autor homenaxeado pola Academia.

As achegas dos relatores e relatoras do Simposio Ricardo Carballo Calero / Carvalho Calero, celebrado o pasado mes de outubro na sede da Real Academia Galega, abren o último número do BRAG. Son en total unha ducia de artigos correspondentes aos relatorios presentados nas catro xornadas do encontro, que arrincaron cun traballo de contextualización da figura de Ricardo Carballo Calero no seu tempo a



cargo do historiador Justo Bera-mendi e os filólogos José-Mar-tinho Montero e Carmen Blanco.

Dolores Vilavedra, Alberte Valverde e María Pilar García Negro participan no volume coas tres investigacións avanzadas no encontro arredor dos estudos sobre literatura de quen foi o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela; Pilar Pellarés, Laura Tato Fontañña e Hen-

rique Rabuñal profundan na súa creación literaria e Henrique Monteagudo, Serafín Alonso Pintos e Eduardo Maragoto abordan as súas ideas e achegas ao idioma.

A segunda parte do Boletín 381 reproduce as alocucións académicas pronunciadas por Margarita Ledo Andión, Ramón Villares Paz e Francisco Fernández Rei no pleno extraordinario do Día das Letras Galegas 2020, que tivo adiarse ata o 12 de decembro por mor da pandemia.

O volume tamén recolle un estudo de Xosé Manuel Vélez Latorre sobre a tradición bíblica na poesía do homenaxeado, con comentario de cinco poemas; e a proposta de reforma das Normas ortográficas e morfolóxicas da Real Academia Galega (1970-1971) presentada por Ricardo Carballo Calero en 1979, cunha reconstrución dos antecedentes da mesma asinada polo académico Henrique Monteagudo.

Marilar Aleixandre, nova directora de 'La Tribuna'

A Real Academia Galega nomeou a académica de número Marilar Aleixandre nova directora de La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo, a revista da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. A escritora e catedrática ad honorem da Universidade de Santiago de Compostela substituirá no cargo o académico Xosé Ramón Barreiro Fernández, falecido o pasado mes de marzo.

Canda Marilar Aleixandre, o académico correspondente José Manuel González Herrán, un dos máis significados especialistas na obra de Pardo Bazán e catedrático emérito da USC, será o director adxunto da publicación; e a académica correspondente Olivia Rodríguez, profesora da Universidade da Coruña, asumirá a secretaría. A revista, que se publica dende o 2003, congrega os maiores especialistas na figura e na obra de Emilia Pardo Bazán de todo o mundo. Todos os números poden consultarse na web da publicación.

A nova dirección da revista coincide no tempo co centenario



do pasamento de Emilia Pardo Bazán. A Real Academia Galega celebra ese mesmo día, o 12 de maio, un acto conmemorativo na rúa Tabernas, sede da institución e da Casa-Museo da escritora, onde se conserva boa parte do seu arquivo e biblioteca persoais. A programación da RAG co gallo do centenario da intelectual inclúe ademais, entre outras actividades, un congreso internacional que terá lugar a finais de outubro, cadrando coa chegada á Coruña da exposición Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade, á que a Academia contribúe con máis de 70 pezas.

www.ecocelta.com



ecocelta®

Abonos y Sustratos Ecológicos

Los mejores abonos y sustratos para tu huerta,
elaborados con materias primas orgánicas de Galicia

HUMUS DE LOMBRIZ



COMPOST ECOLÓGICO



SUSTRATO UNIVERSAL



ABONO PELETIZADO



RECEBO PARA CÉSPED



HUMUS LÍQUIDO





**INTER
ECO**
BIOFERTILIZANTE CERTIFICADO
Nº Certificado: 80.041



**CAMPESINADO
MEDIOAMBIENTAL**
30 años

Letras Galegas

PROGRAMACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021

3 AO 13 DE MAIO - ÁGORA

Exposición "Aquele nena de Sarria".

6 DE MAIO - TEATRO COLÓN

20:00h ESPECTÁCULO JAZZLIZA.

A nosa voz de sempre nas nosas voces de hoxe. De Alfonso X a Xela Arias.

13 DE MAIO - NORMALIZACIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS

Actividade "Uda Lambona e a Banda Molona".
CEIP Salgado Torres.

Actividade "Fios de querer",
de C6 Orquestra Pantasma.
EIM Carmen Carvión.

10 AO 30 DE MAIO coruna.gal/lingua

Por Xela
Espectáculo en formato dixital de Revenidas S.C.
con 4 poetas máis o grupo musical A Banda da Loba,
dentro do programa Agora5ón.

Video do ilustrador Leandro Lamas
específico para o Día das Letras,
dirixido ao público infantil,
dentro do programa Apegó.

Video realizado polo
Servizo de Normalización Lingüística
sobre como facer un minilibro
e contando a historia de como
a nena Xela chegou a poeta.

Concurso Infantil/xavenil
sobre o Día das Letras Galegas
a través do Facebook de Normalización
#vivirnasosletras

13 AO 31 DE MAIO coruna.gal/bibliotecas

DESORDÉNATE COAS LETRAS
(ACTIVIDADES ONLINE)

Bombas de acción poética nos barrios
@biblioteca

Actividade para transformar a poesía de Xela
tomando como base un verso ou poema
da autora para, desordenando os termos,
crear novos textos ou poemas experimentais que sexan bombas de contido poético.
Elaborando collages físicos ou dixitais, videopoesías dos textos... compartíndolos en redes cos
hashtags #DesordenateCoasLetras #LetrasGalegas #XelaArias2021. Do 13 ao 25 de maio.

Escape Room Virtual sobre as Letras Galegas e a autora homenaxeada Xela Arias
Público Infantil +9 anos

Encontro virtual en aberto. Libro Vivir con Marga de Val: escritora,
tradutora e amiga persoal de Xela Arias. 18 de maio 19:00h.

Encontro transfronteirizo Galicia-Portugal.
Encontro virtual con autoras galegas e portuguesas.
25 de maio 18:00h

Guía de lectura.

Repositorio bibliográfico da obra da autora Xela Arias como poeta e tradutora
ao que acompañará unha selección de obras de poetas galegas

13 AO 31 DE MAIO - REDE DE BIBLIOTECAS

Mostras bibliográficas

Espazo destacado cunha selección de libros estruturada
en tres áreas temáticas: Xela Arias poeta e tradutora,
Poesía galega en feminino (obras de poetas galegas),
Homenaxeadas e homenaxeados
no día das letras galegas ao longo dos anos



Agenciamiento de A Coruña
Canalia da Coruña

#DesordenateCoasLetras

DESORDÉNATE COAS LETRAS.

"Aquele nena de Sarria", mostra na Delegación da Xunta en Lugo



Exposición na Delegación de Xunta en Lugo.

A Delegación da Xunta en Lugo acolle a exposición "Aquele nena de Sarria", en homenaxe a Xela Arias no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Está elaborada polo Colectivo Egeria co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Na inauguración participaron o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o presidente de Egeria, Xulio Xiz

Ramil, entre outros. A mostra está composta por tres prismas con paneis que reflicten aspectos da vida da autora xunto con poemas e textos que lle dedican dende destacados escritores galegos ata alumnos e alumnas dos institutos sarriáns Xograr Afonso Gómez de Sarria e Gregorio Fernández. Tamén inclúe fotografías facilitadas pola familia de Xela e debuxos de Sabela Arias, pintora lucense.

Exposición adicada a Xela Arias



Inauguración da exposición.

O Espazo Xove da Xunta en Ourense acolle a exposición "Aquele meniña de Sarria", en homenaxe a Xela Arias no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas; está elaborada polo Colectivo Egeria co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Na inauguración participaron o delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, e o presidente de Egeria, Xulio Xiz,

entre outros. A mostra, que estará aberta ata o 28 de maio, está composta por tres prismas con paneis que reflicten aspectos da vida da autora xunto con poemas e textos que lle dedican desde destacados escritores galegos ata alumnos e alumnas dos institutos sarriáns Xograr Afonso Gómez de Sarria e Gregorio Fernández. Tamén inclúe fotografías facilitadas pola familia de Xela e debuxos da pintora lucense Sabela Arias.

Xela Arias
Poesía reunida
(1982-2004)

ADIAN TADA
CREATIVA
OUSADA
VALENTE
TRANSGRESORA

GRAZAS, MESTRA

POLAS LECCIÓN S QUE LLES
DEIXAS ÁS NOVAS XERACIÓ NS

EDITOR A
TRADUTORA
POETA

*"Nós decidimos que facemos coas
nosas vidas, aínda que moitas veces
pensemos que non."*

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

DEDICADO A XELA ARIAS

Muller polifacética das nosas letras, mestra
de poesía e de vida dun pasado moi presente.

 Xacobeo 21-22  galiciacalidade

 XUNTA
DE GALICIA

Letras Galegas

"Quérote canto" e "O Reino medieval de Galicia", premios Losada Diéguez

O libro de poemas "Quérote canto" de Baldo Ramos e Eva Veiga (Editorial Galaxia), na modalidade de Creación Literaria; e "O Reino medieval de Galicia" de Andrade Cernadas e López Carreira (Edicións Xerais), dentro da categoría de Investigación e Ensaio, foron seleccionados polo xurado que lles otorgou o Premio Antón Losada Diéguez na súa XXXVI Edición.

Os premios déronse a coñecer no salón de plenos do Concello do Carballiño, que alterna co de Boborás na organización, co apoio da Deputación de Ourense. O xurado destaca en "Quérote canto" "a singularidade escollida polos autores na metodoloxía que se traduce nunha resonancia creativa. Dúas voces asentadas e diversas de lírica de noso que transitan camiños distintos nunha estancia común, conseguen conmové-los lectores. Velaí o milagre da poesía".

Do traballo "O Reino medieval de Galicia", o xurado valorou "a achega orixinal dos autores ao coñecemento da historia medieval de Galicia, rescatando do esquecemento a existencia do reino de Galicia con rigorosidade e

carácter divulgativo, combinando ensaio e investigación en fontes tanto cristiás como musulmáns, con paixón polo pasado temperada polo coñecemento académico e ben fundamentado".

Os premiados

Eva Veiga (Pontedeume) é a primeira vez que comparte un libro, que precisamente foi idea de Baldo Ramos, porque "os dous traballamos co silencio e para saír do ruído decidimos ir a un lugar onde escribir e elegimos o mosteiro de Oseira.

Edicións Xerais encargoulle a Andrade Cernadas, profesor na Universidade de Santiago de Compostela, e a López Carreira, profesor de instituto xubilado, un traballo sobre o Reino de Galicia, que se prolongou ao longo dun ano "entre organizarse, repartir tarefas, presentar borradores e as revisións do editor", explica Cernadas.



O acto celebrouse no consistorio do Carballiño.

Participantes

Optaron ao premio 30 libros na modalidade de creación literaria, dos que foron descartados oito por non cumprir as bases. Debido a isto, o xurado propón que se modifiquen o requisitos no referente á participación de obras que xa fosen premiadas noutros certames para que non sexan excluídos.

En investigación e ensaio presentáronse 18, cumprindo todas elas os requisitos. "Un señor elegante", de Suso de Toro, foi a obra finalista en creación literaria, e "Irmandiñas", de Aurora Marco Rodríguez, en investigación e ensaio. O premio está dotado con un total de 12.000 euros.

O escultor Manuel Bucíños recibiu o Premio Trasalba



O acto celebrouse no Pazo de Trasalba (Ourense).

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, acompañado polo secretario xeral de Cultura, Anxo Manuel Lorenzo, participou en Ourense na entrega do Premio Trasalba 2020 da Fundación Otero Pedrayo, que recae no escultor Manuel Bucíños. O representante da Xunta felicitouno tanto polo galardón como pola súa traxectoria ao ser un dos artistas con máis obra nas principais cidades e vilas galegas, que están integradas

na paisaxe urbana e tamén na vida dos cidadáns que gozan delas en rúas e prazas a diario.

Trátase dun recoñecemento co que se distingue o traballo do artista na súa defensa e espallamento da lingua e cultura galega. A Fundación Otero Pedrayo -que conta co apoio da Xunta de Galicia para colaborar nas súas actividades- suma así a Manuel Bucíños a unha lista que integran nomes tan destacados como Luz Pozo Garza, Agustín Fernández Paz, Antón Pulido e Xosé Neira Vilas, entre outros.

ORO Y PLATA
+25 años a su servicio
Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería
988 232 903

jba
servicios inmobiliarios
info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

Camisetas Personalizadas desde 1 und.

Francisco de Moure 20, Ourense

Revista Cultural **Nós, a Xente do Redor**
Subscríbete en
Tlf. 988 60 70 75
Tlf. 672 435 891

Orixe

Lámina "Vicente Risco" de agasallo do pintor Miguel Martínez Coello co número 3

Por Moncho Mariño

Entrevista a Valentim Fagim de Através Editora

“Cando o tema é interesante e o libro é bo, a ortografía non é ningún obstáculo”

Valentim Fagim forma parte do colectivo que está detrás de Através Editora, un proxecto societario cun obxectivo: encher ocos con novas propostas editoriais en norma reintegrada.

As temáticas abordadas van desde lingua e literatura, pasando por ensaio e historia. Dous fitos para Através foron os libros Galiza, um povo sentimental?, e O pequeno é grande, dous exemplos



-Cal é o motivo polo que era necesario un proxecto como Através Editora?

Através é o selo editorial da AGAL, da que fun presidente entre 2009 e 2012. Na AGAL daquela xa editabamos libros mais non tiñamos unha editora, faltaba como un desexo de editar colección. Alguén chegaba cun texto e se publicaba. Publicábase case que por amor. De aí nace a idea de montar unha editora que teña unhas liñas claras: que quere facer, que quere publicar e a quen quere chegar. A partir de aí creamos Através Editora con catro coleccións, unha de literatura, outra de ensaio, outra de lingua e a última dirixida a temas sobre Galiza, a súa historia ou a súa economía. A idea por tanto, era crear algo máis formal. Logo tamén dar unha certa periodicidade, porque antes os libros saían cando saían, agora sacamos dez libros ao ano, case cada mes sae un libro, aínda que somos unha

editora pequena. Todo isto haino que facer cunha estrutura e cunha visión máis ambiciosa.

-Cal é a resposta do público ante uns traballos publicados en norma reintegracionista ou en portugués padrón?

Aí depende dos temas. Grazas a Através ves por ti mesmo, aínda que xa se intuía, mais ves por ti mesmo que a norma ortográfica non ten tanta importancia. Un exemplo é o libro O pequeno é grande. Este era un libro sobre o minifundismo e a pregunta era: quen vai ler isto?, a quen lle interesa? Entón os autores, dous profesores do Campus de Lugo da USC, fixeron un monte de lanzamentos por toda Galiza, polo menos vinte lanzamentos como mínimo. E que persoas podían ir a eses lanzamentos? Podía ir algún estudioso, non o descarto, mais tamén asistían persoas propietarias de minifundios, persoas con curiosidade sobre o tema. Todo isto traducíuse nunhas boas ven-

das dese libro. Quen o comprou? Maioritariamente persoas que usan ortografía española. Cando o tema é interesante e o libro é bo, a ortografía non ten absolutamente ningún obstáculo.

-Cal foi o xeito de Através para ofrecer unha imaxe diferente do resto de editoras galegas?

Nós somos unha editora asociativa, para o bo e para o malo. Por que para o malo? Pois porque o 90% do traballo é asociativo, non hai un lucro, non hai un pagamento, por tanto o esquema comparado con outras editoras é diferente. Gustamos de vender moito, como todos, mais buscamos que as nosas publicacións teñan sentido para encher espazos. Por exemplo, temos editado un libro sobre o movemento LGTB, un tema sen publicación algunha en Galicia ata o momento, nese sentido buscamos meternos onde outros non se meten. Hai un par de anos editamos un atlas das nacións sen estado, ese atlas non

existía, fomos nós quen o fixemos. Este ano fixemos unha banda deseñada coa biografía de Carvalho Calero. O noso ofrecemento é facer aquilo que outros non fan. Hai uns anos publicamos Galiza, um povo sentimental?, de Helena Miguélez. Con anterioridade foi ofrecido a editoras máis grandes que non o acolleron. Nós publicámolo e foi un éxito.

-De cara ao Día das Letras Galegas, Através Editora fai algún traballo especial?

Este ano pensabamos facer algo sobre Xela Arias, mais non daba tempo e calquera cousa que fixeramos sería algo moi forzao. Hai autores que se prestan máis e outros menos. Infelizmente, o Día das Letras Galegas está ideado para certo tipo de autores, a Carvalho Calero demoraron vinte anos. Hai espazos onde non imos

chegar como é o educativo, outras editoras sobreviven grazas a ese espazo cos seus catálogos de lecturas. Aínda así, cada vez hai máis profesores que se atreven a mostrarlles aos estudantes textos galegos con grafía portuguesa, mais é algo incipiente. Por tanto, hai espazos onde se non escribes en oficial non tes oportunidades.

-Cal sería a recepción de Através se aparecese unha nova editora cuxa norma ortográfica fose a reintegrada ou a portuguesa?

Sería marabilloso. Hai pouco saíu unha que editou a Susana Aríns e a Teresa Moure en Galicia. Eu estou superfeliz, pois Através non ten por que ser o único recurso. Oxalá algún día as demais editoras abran as súas portas e permitan editar tal como escriben as persoas, quer en norma oficial, quer en norma reintegrada ou portuguesa.



Letras Galegas

Por Avelino Jácome

O mar Xela, nunca esquecerá a túa pel!

Lmaxínote en Vigo nos oitenta, a foto cos pantalóns vaqueiros lavados á pedra, e un “pitillo” do rubio de batea na man, “Winston do da Pedra”, onde o mercado non é negro, é de moitas cores, ou de “celtas” se non chega o diñeiro para mercalo. Tes a mirada firme, segura de ti mesma por fora e chea de “esgazamentos” por dentro. estoute vendo nun concerto de rock, abaneando a túa melena negra ao ritmo que a noite marca, se cadra compondo en voz baixa pezas que despois tocarían “Os Desertores”, ata o nome che ven ben para definírtelo.

O rebulir cultural da gran cidade obreira, das castes que pelexan polos seus dereitos, fascínate. Cando unha nace na aldea, mama a lingua e ten a sorte de vivir no Lugo de Fingoi, que é unha transición entre todas as serras e tódolos poetas, onde acontece a milagre de criar cochos nun baixo, preto das Murallas milenarias, compartindo o máis primario da humanidade, cos anxeos e os soños dun novo despertar en liberdade. Vigo é un contraste, un fervedoiro de ideas, de novidades, de “marcar territorio” para un feminismo re-

primido que comeza a agromar e para moitas causas solidarias, alí ti atópaste como unha dorna na mar.

A máis rebelde, a Xela que non quere ser María dos Anxos, vai ao instituto e sinte a lousa da anquilosada ensinanza, conviven os novos mestres cos vellos herdados, millo vello, e ti buscas novas semelanzas.

Agora vexo como lle deixas o título a teu pai e lle espetas, “non volvo a estudar! Vou vivir á miña maneira, quero ser independente!” pois libre xa sabías que era imposible!

E co corazón nos beizos, buscas traballo, un traballo de oficinista que che dea un diñeiro para non renderlle contas a ninguén. En pouco tempo a rapaza da oficina traduce e corrige textos, dálle normalidade ao que debería ser normal, que os galegos lean en galego, falen en galego, escriban en galego... E por sorte para todos nós, o teu “amerizaxe” en Edicións Xerais, permite que te formes do mellor xeito coa Universidade do traballo e da Rúa. Máis tarde estudarás tamén a outra,

para dedicarte ao ensino, pode que o trouxeras no sangue dende cativa.

Es a miña heroína Xela, uns meses nos separan no nacemento, síntote preto coma unha irmán, coma “unha colega”, quero darlle as grazas a Academia por adicarche o Día das Letras Galegas, a ti, unha muller tan grande e tan achegada, unha poeta espida, unha escultora das palabras, unha xesta florida que se negou a ser planta de xardín, incómoda as veces, revolucionaria outras, solidaria sempre!

E da túa obra que dicir? arriscada! xuntando os poemas co rock, coas fotos

convén rexeitar. A tenrura e a carraxe de “Darío” o teu fillo, “á intemperie” de durmir fora, fora de calquera etiqueta

pois a túa voz é única, os “tigres como cabalos” non se esgotan, so abren guieiros para ler e volver outra vez ler, cada verso, cada verba, porque cada unha delas é unha clase maxistral da lingua, pero tamén da liberdade e do desexo de mudar este mundo inxusto, como unha “denuncia do equilibrio” inmortal.

E tanta vida xunta non puido aguantala o teu corazón, e cando che quedaba tanto por escribir, tanto por ensinar, tantas loitas polas que pelexar, deixáchesnos orfos de ti. A orfandade é un sentimento moito máis grande ca perda, é un sentimento que leva aparelada a inxustiza contra a que ti tanto te rebelaches.

Como dixos o teu pai e primeiro mestre, o que te criou:

“Tan intensas e punxentes como as súas arelas de liberdade, independencia e xustiza, eran nela o sentido e mais a práctica da solidariedade.”(Valentín Arias).

O mundo, Xela, xa non foi o mesmo, Galiza xa non é a mesma sen ti, perdemos a poeta, mais perdemos a solidariedade feita muller, NUNCA MÁIS o mar esquecerá a túa pel, nunca máis... nunca máis.



espidas dun mundo agochado nas caretas do entroido da hipocrisía, o único que

Por Nemésio Barxa

Letras Galegas e reintegracionismo

Gosto chamar-lhe “reintegracionismo” inda que há poucos días lia em algures, tal vez a galipedia, como se diferenciava entre reintegracionismo, lusismos e outros, segundo a qual eu seria “lusista” pois emprego ortografía e, no possível, sintaxe portuguesa, considerando reintegracionistas aos de “norma AGAL”, etc.

Achegados a este novo Ano das Letras Galegas, que muitos solicitamos se prorrogasse o Ano de Carvalho Calero, sem êxito, pois os senhores da RAG são inda mais papistas que o Papa e se negam á prorroga do Ano Carvalho (rabichas, invejas, intolerância) pese a coincidir as mesmas razóns polas que o Papa, neste caso sim, prorrogou o Ano Santo, non quería deixar pasar esta data sem insistir na necesidade de chegar a um acordo especialmente ortográfico que nos identifique sem dúbidas no tronco idiomático do lusismo, sexto idioma do mundo em pessoas que o falam, que nos facilitaria totalmente a relación com nossos vizinhos de além Minho e que

remataríamos definitivamente com a esquizofrenia de “traduzir” escritos galegos ao português. Quando estou a redigir este artigo podo ler no “NOS diário” a esperanzadora noticia de que a Deputación de Lugo assinou um convenio com AGAL para desenvolver 25 obradoiros de achegamento ao português em 13 centros educativos de diversas comarcas luguesas, com objeto de que os alunos descubram as vantagens que tenhem as pessoas galegofalantes para exprimir-se em português. São muitos os interesses políticos e de escritores em galego que impedem algo tão necessário como integrar-nos no mundo da lusofonia, que nos abriria novas portas em todos os eidos do saber, da criação literária e da indústria.

A pesar do meu parcial assentamento em Vigo não cheguei a conhecer a Xela Arias a quem a RAG festeja, penso que justamente, neste ano. Difícil é manter a vizinhança e suceder com o mestre Carvalho, provavelmente o mais relevante depois de Otero Pedraio, por excelente poeta que

sejas e ainda merecedora de todo reconhecimento e senti a curiosidade de saber algo da nova homenagem; chegando a descobrir trazos comuns, precisamente no eido da língua, como a sólida formulação do reintegracionismo no primeiro e a sincera e possibilista assunção do oficialismo na segunda, sem o dogmatismo próprio da maioria dos que defendem a normativa oficial Com relação á língua Carvalho amossou desde muito novo uma preocupação pola codificação e uso correto da língua desde o conhecimento etimológico, que o levou á defesa do reintegracionismo linguístico para normalizar o galego com o português. Xela Arias em Editora Xerais intervém nas funções de criação e investigação e posteriormente como corretora de estilo, rompendo com roles predefinidos, explorando a linguagem numa atitude ao tempo transgressora e de não comungar com o poder, mas considerando igualmente que a língua precisa normalizar-se. Num artigo precioso, que recomendo, titulado “Paixão de militância e escuros desertores” fala do idioma “principal sino de uma cultura” e de que “partindo da comum ideia de que deve normalizar-se a língua... sabemos que se pode fazer de

muitos jeitos distintos”. Segue a falar dos diversos modelos, RAG, Xunta, reintegracionismos... , “não sou filóloga... Como leitora e escrevedora a oficial não me parece a pior inda que tampouco a perfeita... sem embargo creio que devemos assumir esta normativa oficial... Estou completamente segura de que esta não será a que permaneça... se a normalização linguística segue a canle prevista...”. Xela move-se dentro do possibilíssimo admitindo a imperfeição da normativa oficial e o evoluir para outros canles. Para mi foi um descobrimento sua postura cara da língua, sem preconceitos nem dogmatismos, e sua afirmação de que “um povo que se alonga do seu idioma alongasse da sua cultura”, acrescentando minha opinião pessoal de que nossa cultura é a do tronco lusista, não a castelhana imposta.

Foi um descobrimento, mais alá da sua poesia e da sua prosa editada recentemente.

Quinta do Limoeiro, maio do 2.021.



Susana Seivane reivindica o legado das precursoras da gaita no ciclo de conversas do centenario de Emilia Pardo Bazán

Susana Seivane comezou a tocar a gaita cando só tiña 3 anos. Hoxe aparece nos libros de texto como unha pioneira deste instrumento, pero antes ca ela houbo outras mulleres gaiteiras que tamén subiron aos escenarios. A artista recuperou a súa memoria na charla do mes de maio do ciclo As mulleres, cen anos despois de Emilia Pardo Bazán: Conversas na Casa-Museo, organizado polo Concello da Coruña en colaboración coa RAG, a través da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, co gallo do centenario do pasamento da escritora. A música tamén conversou co xornalista Manuel Rodríguez, sobre a situación actual das mulleres no mundo da música, antes de despedirse interpretando un par de pezas acompañada pola súa irmá, a lut-

hier Saínza Seivane, na pandeireta, o seu fillo Fiz no bombo e o seu afillado Brais no tambor, cos que formou a “banda do balcón” durante o confinamento.

“Mulleres que tocasen a gaita sempre as houbo, pero os prexuízos sociais, o machismo, impedía que o fixeran en público e sobre os escenarios. O primeiro gran grupo galego formado só por gaiteiras constituíuse en Ribadeo en 1960 baixo o nome As Meniñas da Saudade. “O meu avó falaba delas con admiración”. Pero antes delas cómpre lembrar outro nome que merece estar nos libros de historia da música: o de Áurea Rodríguez (Cartelle, Ourense, 1897 - ?), reivindica. “Áurea Rodríguez foi unha auténtica pioneira. É a primeira muller da que se ten constancia en Galicia que actuase publica-



mente como gaiteira e ademais era quen lideraba a banda que formou cos seus irmáns, Os Marabillas. Era a directora artística e a representante. O grupo chegou a actuar na Arxentina e na prensa cualificárona como a reina de la gaita gallega. A última actuación

de Áurea da que se ten noticia foi no ano 1945 en Venezuela. Malia a súa relevancia, Áurea Rodríguez non sae nos libros escolares de historia da música.

Susana Seivane reivindica tamén o papel invisibilizado das mulleres na tradición musical ga-

lega. “É moi importante recoñecer a importancia da transmisión oral por parte das mulleres”.

A artista medrou noutro momento histórico con menos atrancos, pero aínda queda moito por facer para acadar a igualdade. “Noteino sobre todo cando fun nai. Socialmente, segue sen agardarse o mesmo dunha nai ca dun pai. E no terreo profesional, para as mulleres que nos dedicamos ao mundo do espectáculo é tremendamente difícil conciliar: Viaxamos moito e actuamos tarde”, resume.

Hoxe xa non é estraño ver nenas tocando a gaita, pequenas que atopan en artistas como Susana Seivane un exemplo. “Que hoxe as nenas me vexan a min como un referente, é unha gran responsabilidade, pero tamén un orgullo tremendo”, confesa.

O Concello destina 150.000 euros para axudar as entidades musicais coruñesas

O Goberno de Inés Rey entende que os colectivos que promoven a cultura de raíz así como outras expresións musicais asentadas na Coruña e habitualmente excluídas dos circuitos convencionais son necesarias para que a tradición persista e forme parte da cultura popular da cidade. Para iso, destina 150.000 euros co fin de axudar as entidades musicais coruñesas. A través do IMCE, abriuse o 10 de maio o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a entidades musi-

cais locais 2021 coas que apoiará a todas aquelas que traballan por manter vivo o patrimonio cultural e que non se esqueza. Esta convocatoria pecharase o 10 de xuño. As entidades solicitantes poderán entregar os seus proxectos no Rexistro oficial do IMCE, na avenida da Mariña, 18, con cita previa, no teléfono 981184233 ou ben na páxina web <https://citaprevia.coruna.gal/citaprevia/>. Tamén no rexistro da sede electrónica municipal <https://sede.coruna.gal/sede/gl>.

Sobre a valoración das propostas, o xurado terá en conta a súa orixinalidade e calidade, o número de compoñentes, o vestuario, a instrumentación, a posta en escena e a traxectoria da entidade no tempo. Na solicitude, os colectivos aspirantes deberán describir o espectáculo, que se ofrecerá en 2021 e concretar o número de rexistro no REMA, o caché e número de actuacións que se propoñen e o número de compoñentes tanto da asociación como das persoas que participarán na posta en escena.

Concello e Deputación crearán un centro de innovación para modernizar a administración local

Este ente desenvolverá a súa propia tecnoloxía para mellorar os servizos e axilizar os trámites da cidadanía. A intención das dúas institucións é situalo na Cidade das TIC e que poida optar aos fondos económicos do pro-

grama Next Generation da Unión Europea. Avalían tamén a posibilidade da incorporación doutras administracións locais, autonómicas e estatais de cara a aproveitar as sinerxias dos proxectos e deste polo TIC de innovación dixital.

A Deputación financia a contratación de técnicos deportivos en 69 concellos

O Boletín Oficial da Provincia publicou a concesión definitiva das axudas da Deputación da Coruña para a contratación de persoal técnico deportivo en 69 concellos da provincia, cunha achega total de 905.000 euros para este programa.

A Deputación financia ata o 80% dos custes salariais (soldo e Seguridade Social) do persoal técnico deportivo contratado

durante un ano, cunha achega máxima de 15.000 euros para aqueles municipios que optan pola contratación dun graduado universitario en Ciencias da Actividade Física e o Deporte que traballe a xornada completa. Os concellos poden contratar tamén técnicos superiores en Animación de Actividades Físicas e Deportivas e facelo a xornada completa ou media xornada, aboando sempre o 20% restante do salario.

Os premios do Día da Ciencia na rúa levarán o nome de Javier Novelle

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, participou Día da Ciencia na rúa que, por mor das restricións da pandemia, este ano celebrouse no Teatro Colón en vez de na rúa.

Na súa intervención anunciou que “a partir da vindeira edición do Día da Ciencia na rúa os premios

cos que distinguimos todos os anos aos participantes cos mellores experimentos levarán o nome de Javier Novelle”. “Esta será unha forma de recordar ao grande impulsor de esta xornada para sempre”. O Goberno local, asegurou a alcaldesa, seguirá “impulsando os nosos museos con políticas que os fortalezan para

que sigan sendo unha marca diferenciadora da nosa Coruña”. Proba disto, dixo, é que “os museos aínda coas portas pechadas continuaron lanzando retos en liña durante o confinamento e até puidemos percorrelas virtualmente”. 17 centros educativos participaron no certame, que se dividiu en tres bloques.

O Concello peonaliza definitivamente Monte das Moas coa mellora dos equipamentos públicos e a accesibilidade

Alcaldesa, Inés Rey, anunciou a peonalización definitiva da rúa Monte das Moas, que irá parella a unha reforma desta vía co fin de mellorar a calidade de vida deste espazo público recuperado para a cidadanía. Rey recordou que a actuación responde a unha petición que formalizou no seu momento a Asociación de Veciños Oza-Gaiteira-Os Castros e que entra dentro da mellora das contornas escolares, de cara a garantir a seguridade das nenas e nenos, neste caso, do CEIP Anxo da Garda. A rexedora

destacou que se manterán en Monte das Moas as beirarrúas existentes que se colocaron recentemente e que se elevará a calzada de formigón en dúas cores. Ademais instalaranse zonas de vexetación, que incluírán árbores. Esta mellora completarase con novo mobiliario no que será "a primeira peonalización provisional que se consolida tras un acondicionamento que repercutirá no benestar da veciñanza do Castrillón e dos Castros".

Neste barrio, o Concello investiu máis dun millón de euros en obras

como a renovación da praza da Concordia e a reforma da parada de bus para facela accesible, así como en melloras da iluminación e da rede de pluviais, a humanización de Rafael Báez e os arranxos que se acometeron na escola infantil Carricanta. Está previsto tamén acondicionar o espazo libre de Fariña Ferreiro e urbanizar a praza que se sitúa entre a rúa José María Hernansáez e a avenida da Concordia, coa conseguinte posta a punto de José María Hernansáez. Esta última e mais as escaleiras da praza Pablo Iglesias



son outros dos proxecto con cargo ás bolsas de conservación.

Coa peonalización definitiva de Monte das Moas, o tramo que vai da avenida da Concordia á rúa Ángela Blanca Soto non soportará a circulación de vehículos, agás a dos destinados á carga e descarga, que poderán transitala até as once da mañá, tal e como se autoriza

nas demais rúas peonís da cidade.

Estes traballos forman parte dunha serie de intervencións de peonalización dentro do plan Coruña Camiña, cun grande eixe como a rolda peonil que conectará a Agra con San Diego. Para este proxecto, xa se gañaron 700 metros para a cidadanía e están en proxecto 450 metros máis.

O Concello constrúe unha rampla accesible no Barrio das Flores

Alcaldesa da cidade, Inés Rey, anunciou que comezarán as obras para construír unha rampla accesible no Barrio das Flores. A nova estrutura irá desde a parte traseira do polideportivo municipal até a praza Pinos. Deste xeito, sinalou, "desaparecen as escaleiras e facilítase a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida". Esta actuación conta cun

investimento de 92.800 euros e, segundo Rey, "trátase dunha vella demanda das veciñas e veciños do Barrio das Flores, que levaban moitos anos pedindo que se colocasen ramplas ou outros elementos para evitar as escaleiras actuais, que se atopan en moi mal estado, co fin de facilitar así a mobilidade". A rexedora lembrou que, xunto co concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Mo-

bilidade, Juan Díaz Villoslada, visitou a zona e se reuniron con representantes da asociación veciñal para escoitaren as súas demandas e problemáticas.

A rexedora destacou que esta actuación é unha proba máis de que o Goberno local escoita a veciñanza de todos os barrios da cidade e actúa de forma consecuente e inmediata para responder as súas demandas.

Inés Rey á Xunta: "O Porto é dos coruñeses"



Tras un pleno municipal, a alcaldesa da Coruña, Inés Rey, reiteroulle á Xunta de Galicia que "o Porto é dos coruñeses e o seguirá sendo mentres eu sexa alcaldesa". O Executivo confirmou no Pleno o seu rexeitamento á proposta da Xunta de se quedar coa titularidade do 51% de Batería e Calvo Sotelo para integrar os peiraos na cidade.

O compromiso do Concello para definir un novo horizonte litoral baséase nos principios da titularidade pública dos terreos, da creación de equipamentos e de espazos libres públicos e dos usos produtivos

portuarios e complementarios vencellados á economía do mar.

Doutra banda, e a raíz dunha moción do BNG sobre a posible cesión por parte da Sareb de vivendas para alugueiro social, o concelleiro de Urbanismo, Juan Díaz Villoslada, confirmou que o Goberno municipal está a traballar coa Sareb na posibilidade, se a sociedade resulta adxudicataria das 52 vivendas de Palavea na puxa que se realizará este mes, de obter a cesión das vivendas en usufruto para integrais no parque municipal de vivenda municipal e destinalas a alugueiro social para maiores de 35 anos.

O Concello impulsa por primeira vez un programa para previr a violencia filio-parental

A concelleira de Benestar Social, Yoya Neira, e o director territorial de Galicia da Fundación Amigó, José Antonio Morala, asinaron un convenio de colaboración para financiar o programa "Convivindo" de prevención da violencia filio-parental durante o ano 2021. A achega municipal é de 19.000 euros.

A intervención lévase a cabo cun equipo multidisciplinar en varias fases diferenciadas en que se vai desenvolvendo o itinerario

de cada familia. Realízase unha intervención integral de inicio a fin, a través de actividades de apoio, acompañamento especializado e control e seguimento de resultados, así como de prevención nas recaídas.

O programa divídese en dúas liñas de actuación: orientación e sensibilización (obradoiros e actividades de prevención e sensibilización co fin de evitar e minimizar os conflitos familiares) e de intervención socioeducativa e

terapéutica (atención ás familias en conflito nas que xa está presente algunha forma de violencia filio-parental ascendente).

Desde a Fundación Amigó explicaron que a entidade comezou a súa andadura na prevención da violencia filio-parental no ano 2017 atendendo a 42 persoas usuarias directas e 17 familias. Desde esa data, as cifras foron aumentando até chegar a atender no que vai de ano 71 consultas en Galicia, 45 só na Coruña.

CORUÑA 30 MENOS VELOCIDADE MÁIS CIDADE



Baixamos a velocidade das rúas da Coruña: a menos velocidade hai menos ruído, menos contaminación, menos atascos e perigo de accidentes ou atropelos. A menos velocidade hai máis cidade, máis espazo para pasear, para as bicis... E conseguimos unha cidade máis amable.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello de Coruña

Arde Lvcvs Cvltvral da man dos romanos e castrexos

O Arde Lvcvs Cvltvral, organizado dende a área de Xuventude do Concello de Lugo en colaboración coas 19 asociacións de recreación histórica da cidade, desenvolverá medio cento de actividades durante o mes de maio e xuño, accións que serán o preludio dun Arde Lvcvs aínda que, por motivos da pandemia, manterá un perfil afastado dos grandes fastos que atraían todos os anos a miles de visitantes.

Nesta nova edición do Lvcvs Cvltvral, as accións lúdico culturais volverán ser abertas e gratuítas e, seguindo os pasos do 2020, debido as restricións fixadas polas autoridades sanitarias pola covid-19, diminuírán as presenciais e impulsaranse as de carácter online. “A programación, que pechamos con todas as asociacións romanas e castrexas que lle dan vida ao Arde Lvcvs e onde elas

serán as protagonistas, compaxinará o virtual co presencial, e non defraudará en ningún dos casos”, destacou Mauricio Repetto, concelleiro de Xuventude.

A alcaldesa da cidade, Lara Méndez, anima á veciñanza a participar, pero lembra que se deben cumprir sempre as limitacións sanitarias “porque o que pretendemos é gozar e seguir aprendendo co noso rico patrimonio e as nosas tradicións, que debemos manter e coidar, pero sen arriscar nunca a nosa saúde e a dos demais”.

Este ano, no ciclo de cine arqueolóxico, que terá lugar no Vello Cárcere, proxectarase ‘La Mujer en Cartago Nova’ (6 de maio, ás 20:00 horas); ‘El verdadero rostro de los galgos’ (13 de maio, ás 20:00 horas) e ‘Tutankamon, el tesoro redescubierto’ (día 20 de maio, ás 20:00 horas).

Os colectivos do Arde Lvcvs

tamén organizarán diversos xogos, como os xogos romanos do taboleiro para todas as idades, que se desenvolverán na Casa da Xuventude, agás os dos pequenos, que será no Patio do colexio Divina Pastora.

Os obradoiros culturais serán protagonistas. Algúns serán presenciais como os que darán a coñecer como se realizaban as coroas romanas, as cotas de malla, como converterse en guerreiros, a linguaxe de signos sobre a simboloxía sexual da antigüidade, a elaboración de herbas e velas ou de reloxos de sol. E outros moitos a través de vídeos, nos que se aprenderá sobre ourivaría castrexa, cerámica galaica, vestimenta e cociña romana ou acuñación de moedas, entre outros.

Conferencias

Destacar, ademais, o ciclo de conferencias internacionais con



Rosa María Cid, catedrática de Historia Antiga pola Universidade de Oviedo (no salón de actos da Deputación o 12 maio, ás 20:00 horas) e Annelise Freisenbruch, doutorada en Estudos Clásicos pola Universidade de Cambridge (no salón de actos da Deputación o 12 xuño, as 20:00 horas), así como as charlas culturais o 25 maio e os días 1, 2 e 3 de xuño, e de expertos o 10 e 11 de xuño.

De novo, contarase cos paseos por Lugo con Paulo Fabio Máximo por distintos puntos da cidade,

tales como a Muralla, Vía XIX, as Termas Romanas ou acueduto, e tamén polos xacementos arqueolóxicos. Nesta edición, ademais, contarase cun aniversario especial, o da asociación Trebas Galaicas, que o celebrará no auditorio Gustavo Freire o vindeiro 8 de maio, ás 18:00 horas.

O concelleiro de Xuventude repetirá outro ano o concurso de adorno de balcón e fachadas e o photocoll do Clan Breogan. Tamén está aberto o II concurso de relatos sobre a vida dun clan galaico.

Ribeira Sacra, escenario principal do XIV Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso

O catamarán de Viaxes Hemisferios que percorre o río Sil desde o embarcador de Santo Estevo, en Nogueira de Ramuín, acolleu a presentación do XIV Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso, que no seu programa inclúe por primeira vez tres concertos en diferentes escenarios da Ribeira Sacra.

O Presidente da Deputación, Manuel Baltar felicitou á organización pola selección dos conxuntos e intérpretes, “así como pola contorna escollida para a presentación do festival e sobre todo por elixir aos mosteiros de Santo Estevo, San Pedro de Rocas e Santa María como escenarios musicais”. Anunciou ademais que a Deputación de Ourense, como institución colaboradora, e a organización do evento “acordamos que cara a próximas edicións a Ribeira Sacra sempre acolla algunha actividade e protagonice unha ou

varias das actividades programadas neste festival de altísima calidade que sempre busca a excelencia e que, de seguro, un ano máis obterá a positiva resposta do público”.

O presidente provincial tamén puxo en valor a colaboración institucional “tanto polo compromiso adquirido pola Deputación con esta cita musical como polo apoio da Xunta de Galicia a través de Agadic e o Xacobeo, nun momento no que a cultura necesita máis que nunca da participación das administracións públicas”.

O programa do XIV Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso inclúe este ano catro concertos que terán como escenarios Ourense, Nogueira de Ramuín, Esgos e Xunqueira de Espadanedo a cargo de conxuntos e solistas de referencia no mundo da música clásica procedentes de Italia, Cataluña, País Vasco e Asturias, así como a proxección no Teatro Principal de Ourense dun

documental sobre un dos compositores españois máis importantes, José Nebra.

Programa

4 de xuño . Santiago na devoción medieval. Ás 21 horas, na igrexa de Santiago das Caldas de Ourense, concerto inaugural a cargo do grupo italiano Lareverdie, prestixioso conxunto con trinta e cinco anos de traxectoria e referente no mundo da música medieval en Europa.

6 de xuño. Catro estacións porteñas en Broadway. No Claustro dos Bispos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín), ás 20.00 horas, concerto de Daniel Ligorio, pianista catalán considerado como un dos músicos de maior proxección no panorama nacional.

11 de xuño . Documental: Nebra, o trunfo da música. No Teatro Principal de Ourense, ás 20.00 horas, estrea do documental que repasa a vida e obra de José



Presentación do festival no catamarán de Hemisferios.

Nebra, o compositor español máis importante do século XVIII, e no que se recolle o proceso de recuperación dunha das súas óperas, Venus e Adonis, sen interpretar en case 300 anos.

12 de xuño. Farándula castiza. Ás 20.00 horas no mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo, actuación do conxunto asturiano de música barroca Forma Antiqua, que tras vinte anos de

carreira está considerado pola crítica como un dos grupos máis importantes da música clásica en España.

13 de xuño. Open the door! No mosteiro de San Pedro de Rocas, o acordeonista vasco Iñaki Alberdi ofrece un orixinal concerto no que rende homenaxe ao mestre Astor Piazzolla con partituras que van desde o renacemento ata a actualidade.